

# **ANEXO I**

## **NORMAS REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA FERROL ESCENA 2020**

**Primeira.** O Concello de Ferrol, a través da concellería de Cultura, convoca o programa FERROL ESCENA co obxecto de contribuir á difusión e promoción do teatro, música, folclore, danza e demais manifestacións artísticas a nivel afeccionado e o seu achegamento ás asociacións veciñais deste Concello.

**Segunda.** A participación neste programa está aberta a todos os grupos de artes escénicas afeccionados e ás asociacións veciñais que consten inscritos (ambos) no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Ferrol.

### **Terceira. Procedemento.**

#### **a) 1ª Fase**

Os grupos que opten á participación deberán achegar o anexo I, a modo de solicitude e acompañalo da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF da entidade.
- b) Fotocopia do documento de exención do IVE ou certificado de que os seus estatutos cumpren o disposto na Lei Orgánica 1/2002.
- c) Autorización da SGAE, para o caso de que a obra ou peza non sexa orixinal do grupo (salvo acreditación de exención).
- d) Ficha técnica e artística, incluída duración.
- e) Sinopse da obra (*no caso dos grupos de teatro*).
- f) Historial do grupo.
- g) Nome, apelidos e enderezo electrónico da persoa responsable do grupo.
- h) Designación da conta bancaria do grupo ao que se fará o pagamento no modelo que se achega neste enlace:  
<https://www.ferrol.es/archivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>

A documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia compulsada**.

A información e documentación requiridas deberá presentarse, no rexistro xeral do Concello de Ferrol, no prazo máximo de **10 días hábiles** contados dende a publicación da convocatoria no taboleiro da páxina web do Concello.

Non haberá limitacións ao número de grupos e propostas.

#### **b) 2ª Fase**

Unha vez elaborado o catálogo de grupos inscritos as asociacións veciñais deberán achegar os anexos II e III a modo de solicitude nun prazo de **10 días hábiles** contados dende a publicación do dito catálogo no taboleiro da páxina web do Concello.

#### **c) 3ª Fase**

A resolución pola que se adxudican as distintas actuacións ás asociacións veciñais será obxecto de publicación no taboleiro da páxina web do Concello.

**Cuarta.** As actuacións terán lugar **unicamente os fins de semana do ano 2020** nos espazos propostos polas asociacións veciñais que así o soliciten, sempre e cando sexan espazos pechados e teñan as instalacións axeitadas para poder desenvolver as ditas actividades.

#### **Quinta. Condicións.**

- a) As actuacións serán públicas e de balde.
- b) As asociacións veciñais poderán solicitar ata seis actuacións (e dúas de reserva). **Tres destas actuacións realizaranse no período comprendido entre o 01 de marzo e o mes de xullo de 2020 e as outras tres realizaranse no período comprendido entre o mes de agosto e o 06 de decembro de 2020.** As asociacións de veciños que se acollan terán que darlle toda a publicidade posible ás actividades que se vaian a realizar e terán que contar cun seguro de responsabilidade que cubra cada unha das actividades.
- c) O Concello contratará as actuacións dos grupos non profesionais concedidas ás asociacións veciñais. Correrá por conta dos grupos o permiso da SGAE (no caso de non estar exentos). O custo de cada actuación será de 300 € (impostos engadidos). O concello aboará a correspondente factura previo cumprimento dos seguintes requisitos:
- A factura será emitida polo grupo que actúe a nome do Concello de Ferrol (NIF P1503700E) facendo constar que pertence ao programa FERROL A ESCENA e presentarse con data máxima **o 09 de decembro de 2020.**  
**( sen prexuízo de que as facturas poidan ir presentándose ao longo do ano, segundo teñan lugar as actuacións). A presentación das facturas fóra de prazo conlevará a perda do dereito ao seu pagamento.**
  - Achegarse tamén unha certificación asinada pola **secretaría da asociación veciñal co visto e prace da presidencia**, acreditativa da realización da actuación.
- d) Obrigas dos grupos:
- Carga e descarga do material, e montaxe e desmontaxe da obra ao finalizar a representación. Cada grupo contará cos seus propios medios persoais e técnicos.
  - Será por conta do grupo os gastos de transporte e seguros de equipos, de actuación e de material, e gastos de persoal.
  - Deberán achegar todo o equipo necesario para poder levar a cabo a actuación.
  - O abono, no seu caso da Seguridade Social así como da SGAE.
  - Presentarse na data, hora e sede que se lle atribúa.
- e) Obrigas das entidades veciñais:
- Facilitar aos grupos o desenvolvemento da actividade, dispoñendo de persoal para proporcionar, coa antelación suficiente, o acceso ao recinto para que se poida realizar a actividade.
  - Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento, achegando o persoal de vixilancia que se precise.
  - Programar como máximo unha actuación por cada fin semana. Quedan exceptuadas desta obriga **as asociacións veciñais que non dispoñen de local, sempre que a realización das actividades lles supoña gasto económico relativo ao aluguer de local, carpa, escenario, etc. e este feito resulte acreditado no expediente.**
  - Distribuír os carteis anunciadores, nos que debe constar o logo do Concello de Ferrol.
  - Expedir as certificacións acreditativas da realización das actuacións.
  - Someterse aos actos de comprobación e control do Concello.

**Sexta-** Os grupos participantes, seleccionados ou non, e as asociacións veciñais que soliciten actuacións aceptan as bases desta convocatoria, sen reserva algunha.

**Sétima.-** O Concello (organizador) resérvase o dereito de modificación das datas e a sede de actuación no caso de circunstancias imprevistas.

**Oitava.** Calquera grupo seleccionado que non se presente na data, hora e sede que se lle atribúa sen estar debidamente xustificada a ausencia será automaticamente excluído na seguinte edición.

Ferrol, 24 de xaneiro de 2020

O Concelleiro delegado de Cultura , Educación, Universidade, Deportes e Festas

Antonio Golpe Díaz